

14 DE FEBREIRO DE 2011

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

HAITÍ: CAOS HUMANITARIO E TENSIONES PREELECTORAIS

- a) **Introdución**
- b) **Baixo o espectro do fraude electoral**
- c) **O retorno do pasado: de Duvalier a Aristide**
- d) **Caos humanitario e intereses externos**

a) Introducción

Tralos comicios presidenciais e lexislativos do pasado 28 de novembro de 2010, que deron paso a marcados enfrontamentos políticos e acusacións de presunto fraude electoral, Haití finalmente celebrará unha segunda volta electoral o próximo 20 de marzo, na que rivalizarán as candidaturas da ex senadora **Mirlande Manigat** e do popular cantante **Michel Martelly**. O gañador non se coñecerá oficialmente ata o próximo 16 de abril, tras abrirse unha fase de presentación de apelacións e análise da votación.

A segunda volta electoral ven precedida por unha forte polémica política. Os resultados preliminares divulgados o pasado 7 de decembro de 2010 certificaron o primeiro lugar para Manigat (31% dos votos) seguido de **Jude Celestin**, candidato governamental (22%) e Martelly (21%). Tras denunciar presuntas irregularidades electorais, os simpatizantes de Martelly protestaron masivamente en contra da votación alcanzada por Celestin.

A Organización de Estados Americanos (OEA) e os gobernos de EEUU e Francia premeron ao presidente haitiano **René Preval** para continuar co calendario electoral, substituíndo a Celestin por Martelly de cara á segunda volta. Pero a comezos de 2011, a polémica política avivouse coa inesperada visita a Haití do ex

ditador **Jean-Claude Duvalier**, así como ante o permiso governamental para o retorno do tamén ex presidente **Jean-Bertrand Aristide**, derrocado en 2004.

Paralelamente, o panorama haitiano reflicte unha situación de emerxencia e descontento social derivada das secuelas do terremoto de xaneiro de 2010 (que deixou 230.000 mortos) e do posterior brote de cólera a mediados do ano pasado, que cobrou a vida de 4.000 persoas. Diversas ONGs veñen denunciando unha grave falta de coordinación e corrupción na xestión das axudas internacionais, que colocan nunha difícil posición ao presidente Preval e á Misión de Estabilización da ONU en Haití (MINUSTAH).

Neste contexto de crise humanitaria e sanitaria, con severos danos na súa infraestrutura física e administrativa, o proceso electoral presidencial abordaba a posibilidade de afianzar en Haití un necesario nivel de estabilización política. Pero a frustración social e a inoperancia dos organismos oficiais para satisfacer as necesidades básicas da poboación, son factores que ameazan con abrir unha fase prolongada de polarización e tensión política, incrementadas ante o descontento popular pola polémica xestión da MINUSTAH e o peso dos intereses de países como EEUU e Francia.

b) Baixo o espectro do fraude electoral

Segundo o calendario inicialmente previsto polo Consello Electoral Provisional (CEP), o presidente haitiano René Preval debía deixar a presidencia o pasado 7 de febreiro. Pero as acusacións de fraude nos comicios celebrados o pasado 28 de novembro de 2010, xunto aos fortes enfrontamentos políticos suscitados dende entón, persuadiron aos poderes públicos haitianos e á CEP da necesidade de prorrogar ata abril próximo o mandato de Preval.

Deste modo, o pasado 2 de febreiro, a CEP anunciou a celebración dunha segunda volta electoral, finalmente prevista para o próximo 20 de marzo, que dirimirá o liderado político destinado a substituír ao actual presidente Preval. Tras eliminarse a candidatura de Jude Celestin, abandeirado do oficialista Partido

da Esperanza, os contrincantes electorais para a presidencia haitiana serán Marlinde Manigat (Asemblea de Demócratas, Progresistas e Nacionalistas, ADPN) e Michel Martelly (Partido Resposta Campesíña, RC).

A remoción de Celestin respondeu á presión realizada nas rúas polos simpatizantes de Martelly, esixindo a anulación destes comicios argumentando un presunto fraude electoral a favor de Celestin para competir con Manigat na segunda volta. Tras publicar un duro informe no que se documentaba a falta de transparencia dos comicios de novembro de 2010, a Organización de Estados Americanos (OEA) premeu ao presidente Preval para que recoñecera o fraude electoral e para prescindir da candidatura de Celestin a favor de Martelly, de cara á segunda volta electoral.

A prórroga ata abril de 2011 do mandato de Preval por parte da CEP está dando paso a unha riada de manifestacións públicas na súa contra. Diversos sectores políticos e da opinión pública recean dos manexos que o presidente haitiano podería estar realizando para

garantir unha transición política favorable ao seus intereses. Ante as evidencias emanadas polo informe da OEA, a desconfianza cara o sistema electoral haitiano aumenta as perspectivas de falta de transparencia nos comicios que elixirán ao sucesor de Preval.

c) *O retorno do pasado: de Duvalier a Aristide*

Pouco antes da decisión da CEP de realizar a segunda volta en marzo entre Manigat e Martelly, outros acontecementos ocuparon a concentración da atención política en Haití. O retorno á illa antillana de personalidades políticas do pasado recobraron subitamente a súa presenza dentro da actual realidade haitiana. O caso máis significativo foi a breve e sorprendente visita do ex ditador Jean-Claude Duvalier (1971-1986), quen retornou ao país a mediados de xaneiro, tras 25 anos de exilio en Francia.

Coa presumible anuencia do actual presidente Preval, Duvalier visitou o país moi probablemente coa finalidade de tentar quedar libre de cargos das acusacións que a xustiza haitiana verte sobre el por corrupción e enriquecemento ilícito. Un aspecto particular de gran interese para Duvalier, ante a decisión suíza de conxelar unha das súas contas persoais, con fondos de US\$ 5 millóns.

Non obstante, se estima que as acusacións sobre a falta de transparencia e a corrupción da xustiza haitiana incrementan as probabilidades de que as acusacións contra Duvalier finalmente prescriban. O veredicto xudicial non se coñecerá ata dentro de tres meses, xusto despois da segunda volta electoral presidencial e lexislativa.

Alcumado “*Baby Doc*”, Duvalier é acusado polo Instituto para a Xustiza e a Democracia en Haití, a Oficina de Avogados Internacionais, Amnistía Internacional e Human Rights Watch, de cometer torturas e asasinatos durante a súa prolongada ditadura, así como de enriquecerse con fondos do erario público valorados, segundo diversas fontes, entre US\$ 300 e 1.000 millóns. Entre 1957 e 1986, e co total apoio de Washington, a dinastía dos Duvalier (iniciada por “*Papá Doc*” **François Duvalier** e continuada polo seu fillo), impuxo a súa ditadura en Haití, onde diversas ONGS estiman a desaparición de aproximadamente 50.000 opositores e disidentes políticos.

Trala polémica visita de Duvalier, diversos sectores políticos especularon coa posibilidade do regreso a Haití do ex presidente Jean-Bertrand Aristide, derrocado por unha rebelión militar en 2004 e actualmente exiliado en Sudáfrica. Estas especulacións cobraron forza unha vez o actual goberno haitiano ditara, o pasado 31 de xaneiro de 2011, o permiso para que o ex presidente puidera retornar á illa antillana. Dende Sudáfrica, o propio Aristide declarou publicamente a súa disposición para retornar en breve á illa antillana, unha vez reciba o pasaporte diplomático emitido polo actual goberno haitiano.

O breve regreso de Duvalier a Haití e o eventual retorno de Aristide nos próximos meses intensifican as especulacións sobre unha calculada estratexia política por parte do actual presidente Preval, orientada a desviar a atención electoral e restar protagonismo ás candidaturas de Manigat e Martelly. Incluso, outros sectores observan a man de EEUU e Francia no retorno de Duvalier, como arma de presión política cara Preval.

É probable que as razóns de Preval e doutros círculos de poder de permitir o regreso de Duvalier e, eventualmente, de Aristide obedezan a unha reacción governamental tralas presións emanadas da OEA para substituír ao candidato oficialista Celestin, así como ante a publicación do anteriormente mencionado informe da propia OEA sobre un presunto fraude electoral nos comicios de novembro pasado.

Se ben o regreso de Duvalier retrotraeu a unha época marcada polos claroscuros en Haití, en especial porque diversos sectores sociais e políticos identifican esa etapa como a de “orde e estabilidade” a pesar da corrupción e das violacións de dereitos humanos, amósanse contraditorias sensacións ante un eventual retorno de Aristide, tendo en conta que o seu derrocamento en 2004 aínda presenta feridas abertas dentro da sociedade e a política haitianas.

Non está claro se o eventual retorno de Aristide contribuirá a aliviar a imaxe internacional do goberno de Preval, á vista de determinados índices de simpatía e popularidade do ex presidente derrocado. Pero, por outra banda, a eventual presenza de Aristide é rexeitada por diversos sectores políticos e milicias armadas que contribuíron ao seu derrocamento. EEUU expresou a súa “preocupación” por considerar “inconveniente” o retorno de Aristide antes de celebrarse a segunda volta electoral.

d) Caos humanitario e intereses externos

Retorno do pasado aparte, o contexto político haitiano intensifica as incertezas sobre o seu futuro. Sexa quen sexa o gañador, a próxima presidencia haitiana, así como o novo Parlamento, deberán encarar unha grave crise humanitaria e sanitaria, con 1.300 campamentos que albergan a 1,3 millóns de damnificados, azoutados polas secuelas do terremoto e do brote de cólera que se estendeu por 10 departamentos da illa.

O caótico panorama de infraestruturas derruídas, as carencias sanitarias e de auga potable, os estragos na propagación do cólera e as denuncias sobre corrupción e a descordinación nos labores de reconstrución ante a multitude de actores e ONGs involucrados, son factores que prexudican directamente a imaxe do presidente Preval e a xestión da MINUSTAH, actualmente presidida polo diplomático guatemalteco **Edmond Mulet**. O panorama social é igualmente preocupante, ante o imparable aumento da pobreza, o desemprego e as denuncias de violacións de mulleres nos campamentos de damnificados.

As críticas tamén diríxense cara a Comisión Interina de Recuperación de Haití, creada en 2010 para viabilizar a reconstrución tralo terremoto. Conducida polo ex presidente estadounidense **Bill Clinton** e polo actual primeiro ministro haitiano **Jean-Max Bellerive**, esta comisión instalou unha Oficina de Desempeño e Anti-Corrupción, pero diversas ONGs como Intermon Oxfam denunciaron a finais do ano pasado que o seu labor “*non logrou mellorar a coordinación na loita pola transparencia electoral, así como o desenvolvemento dunha infraestrutura estatal nin a recondución dos esforzos dos doantes internacionais e do goberno haitiano para orientar un eficiente proceso de reconstrución*”.

Un caso aparte merece o pasado político do candidato Martelly, aparentemente vinculado con determinados sectores golpistas que anteriormente derrocaran a Aristide en 1994 e, posteriormente, durante o seu segundo mandato unha década despois. O eventual retorno de Aristide podería así complicar as perspectivas electorais de Martelly, e intensificar unha polarización social e política que agrava a sensación de existencia dun arriscado baleiro de poder en Porto Príncipe.

No apartado da axuda internacional, poucos países cumpriron coas súas obrigas de transferir os respectivos fondos de doazón para Haití, valorados en US\$ 10.000 millóns pola Conferencia para Doantes de Haití celebrada a comezos de 2010 en República Dominicana. Segundo a Oficina do Enviado Especial da ONU para Haití, a fines de 2010 achegouse só o 63% dos US\$ 2.010 millóns comprometidos para o ano pasado, mentres o Banco Mundial asegurou que ata agora só se achegaron US\$ 1.200 millóns dos US\$ 5.300 millóns prometidos para 2011.

A descoordinación na xestión das axudas humanitarias contribúen a incrementar as suspicacias sobre desvíos de fondos para intereses políticos. Haití tamén sofre o contexto da crise económica internacional: cunha renda per cápita de só US\$ 661, un 78% dos haitianos viven con menos de US\$ 2 ao día. O país ocupa o posto 145 entre 169 países avaliados no Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) elaborado pola ONU. Este caótico panorama contribuirá a fomentar a apatía social de cara á segunda volta electoral de marzo próximo.

Pero Haití segue a ser un peón estratéxico para os intereses xeopolíticos de países como EEUU, que conta con 12.000 marines presentes na illa antillana, da ex metrópole colonial Francia, de Brasil (un dos líderes principais da MINUSTAH), e de Cuba e Venezuela, estes últimos a través da Alianza Bolivariana para as Américas (ALBA), da que Haití é membro observador desde 2009. Precisamente, a cooperación sanitaria cubana permitiu sortear o caótico panorama traducido tralo brote de cólera a mediados de 2010, ante a total inoperancia da MINUSTAH e do goberno de Preval.